

“O Carme” desenvólvese en tres actos:

• ACTO I

O primeiro acto céntrase na mañán. A parte máis seria e ceremonial deste día de festa. Consta de dúas partes á súa vez: a alborada, na que os gaiteiros tocan de mañanciña polas corredeiras da parroquia, e a música que rodea á misa maior, tanto antes como despois da celebración da mesma.

• ACTO II

O segundo acto correspóndese coa parte central do día. Nas casas hai convidados á mesa, na praza do pobo hai tamén xantar de convivencia veciñal. Hai boas viandas, viño nas mesas, boa compañía, e ambiente festivo nas sobremesas, que propician a música e o baile improvisado.

• ACTO III:

O terceiro e último acto correspóndese coa última parte do día, a tardiña e a noite. No campo da festa temos A VERBENA, a festa propiamente dita. Diferentes agrupacións populares amenizan este día. O pobo disfruta do baile, alongando unha noite que ninguén quere que remate.

FESTAS PATRONAIS

TRASPÉS & XARABAL

PRESENTAN:

O CARME

DIA 18 DE ABRIL NO TEATRO-CINE SALESIANOS DE VIGO ÁS 21.00 HORAS

ORGANIZAN

traspès
ASOCIACIÓN CULTURAL



PATROCINA



Deputación
Pontevedra

Por que Traspés?

O Grupo de Música e Baile Tradicional Traspés é unha entidade dedicada á recuperación, investigación, conservación e difusión do folclore.

Fundada a finais do ano 2009 en Vigo por un grupo de amigos cunha importante traxectoria no eido do mundo tradicional, Traspés ten como finalidade amosar ao público unha realidade cultural que nos resistimos a esquecer. A través dos traballos de recollida de campo por toda a xeografía galega, poñendo o acento en diversos aspectos relacionados coa etnografía da nosa comunidade, tentando ser fieis e non desvirtuar ningún dos seus detalles. Así, na posta en escena, e grazas á información debidamente contrastada acerca da indumentaria, xoiería, bailes, músicas, cantares, instrumentacións, etc. podemos ver e sentir momentos da forma de vida dunha época e lugar determinados, facendo posible unha fotografía en vivo de tempos pasados.

Por que Xarabal?

Sen dúbida, unha das agrupacións de máis longa traxectoria en Vigo, e da que saíron músicos coas carreiras máis brillantes da música tradicional e folk de Galicia. Xarabal fúndase no ano 1984, ligada ao “Obradoiro escola de instrumentos populares galegos”, pertencente á Escola de Artes e Oficios e dirixida por Antón Corral.

A Banda de Gaitas Xarabal ofrece espectáculos nos que participan máis de cincuenta músicos. O seu principal obxectivo é mostrar ao público un amplo espectro dentro da música galega; para isto, conta cun repertorio formado tanto por pezas tradicionais coma de autor.

Baixo unha clara intención de renovación e apertura, Xarabal fai uso dos instrumentos tradicionais da música galega, integrándoos cos propios doutras culturas e incluso con sintetizadores ca intención de crear novas sonoridades e matices.

Por que “O Carme”?

Tanto a A.C. Traspés como a A.C. Xarabal, están ligadas á música de Galicia, se ben, dende ángulos e puntos de vista alonxados. Por un lado, dende Traspés, buscando a parte máis tradicional e antiga do folclore, e dende Xarabal, introducindo a música tradicional en ámbitos e formacións máis modernas, dando cabida a multitude de músicos vinculados coa música galega. Precisamente por isto, por esta diferente realidade e tomando este proxecto como un reto, xorde a idea deste espectáculo, que dá sentido a esta sorprendente fusión.

“O Carme”, *1 Espectáculo de Música e Baile tradicional Traspés & Xarabal*, é unha viaxe no tempo. Un día de Festa Maior. En todas as parroquias de Galicia realizábanse e realízanse festexos arredor dunha data, o día da Patrona. Nós escollimos unha das festas patronais máis comúns da nosa xeografía galega, unha terra cunha importante vinculación ao mar: “O Carme”. Condensaremos en apenas dúas horas de espectáculo, un día completo de celebracións, dende a alborada madrugadora, ata a verbena máis trasnoitadora. Estarán presentes no espectáculo músicas e bailes das catro provincias, melodías e cantos populares, en definitiva, o repertorio máis representativas da nosa música tradicional.

